

L
P
B

2
6

POSTER
CALL



CONVOCATORIA
ABERTA
15 XULLO

PECHE DA
CONVOCATORIA
15 SETEMBRO

A Luga Poster Biennale regresa en 2026 coa súa segunda edición, reafirmando a súa posición como plataforma internacional dedicada á reflexión, exploración e celebración do cartel.

Organizada pola Escola Superior de Media Artes e Deseño da Universidade Politécnica do Porto (ESMAD/P.PORTO) e polo Instituto de Investigación en Deseño, Medios e Cultura (ID+), esta edición está coorganizada coa DAG – Asociación Galega de Deseño, co apoio da Fundación para a Ciencia e a Tecnoloxía de Portugal (FCT) e de R-Typography.

Enraizada nos vínculos históricos e culturais entre Portugal e Galicia, a Luga constitúe un punto de encontro para profesionais, docentes, comunidade investigadora e estudantes de deseño de todo o mundo, recoñecendo o cartel como unha das formas máis significativas de comunicación visual e expresión cultural.

Máis ca un evento expositivo, a Luga procura fomentar a investigación, o pensamento crítico e a experimentación arredor do cartel, salientando a súa capacidade para comunicar, cuestionar e dialogar co espazo público.

A primeira edición (2024) recibiu máis de 1.600 carteis procedentes de arredor de 50 países, presentados nas diferentes categorías. Estas propostas amosaron unha ampla diversidade de enfoques conceptuais e técnicos, así como de linguaxes visuais, poñendo de manifesto a riqueza e a vitalidade da comunidade internacional do deseño de cartel.

Esta segunda edición reforza a ambición da Luga de consolidarse como unha plataforma internacional de referencia para o deseño de cartel, promovendo o intercambio cultural entre Portugal, Galicia e a comunidade internacional, ao tempo que impulsa novos enfoques creativos, críticos e experimentais.

REGULAMENTO

Elixibilidade

- A participación é gratuíta.
- Os participantes, maiores de 18 anos, poden ser estudantes, profesionais do deseño gráfico, da fotografía, da produción gráfica en xeral e artistas. Poden presentar carteis realizados entre setembro de 2024 e setembro de 2026.

Categorías

Os carteis presentados poden participar nas seguintes categorías:

A	CULTURAL
B	POLÍTICO/SOCIAL
C	EXPERIMENTAL
D	ANIMADO/MOTION

A categoría **C** só aceptará orixinais e carteis inéditos, non impresos nin publicados previamente.

Envío

Antes de enviar o cartel recomendamos que:

- O seu correo electrónico sexa válido e estea activo.
- Teña os ficheiros nos formatos correctos antes de comezar o proceso de envío e vaia a www.lugaposterbiennale.org
- Cubra o formulario e envíe os ficheiros.
- Acepte os termos e condicións.
- Comprobe a mensaxe de confirmación en liña.

Formatos de envío

Cada participante pode presentar un total de 5 carteis.

Os carteis das categorías **A**, **B** e **C** deben presentarse en dous formatos:

- 1- Cartel de baixa resolución > jpg, 72 dpi, RGB, ancho mínimo 1200 px, orientación vertical. Peso máximo 3 MB.
- 2 - Cartel de alta resolución > pdf, 300 dpi, RGB, 70 x 100 cm, orientación vertical. Peso máximo 50 MB.

Os carteis da categoría **D** (animados) deben presentarse en dous formatos:

- 1 - Cartel de baixa resolución > jpg, 72 dpi, RGB, tamaño 1080 x 1920 px, orientación vertical. Peso máximo 3 MB.
- 2 - Cartel animado > mp4 (h.264 / high bitrate), 1080 x 1920 px, duración máxima 20 segundos (30 fps), Peso máximo 30 MB.

Nomenclatura:

categoría_nome_apellido_titulocartel.jpg

Selección

O xurado está composto por un panel de deseñadores internacionais que determinarán os carteis gañadores durante a fase de selección.

O anuncio oficial dos carteis seleccionados realizarase o 31 de outubro. A decisión de selección será notificada por correo electrónico a todos os participantes.

Impresión

A organización imprimirá todos os carteis de forma gratuita.

Condições xerais/direitos de imaxe e reprodución

A organización está autorizada a reproducir e incluír os carteis en catálogos, exposicións e medios de comunicación. Todos os carteis pasarán a formar parte do arquivo e patrimonio da Luga Poster Biennale.

Gañadores/seleccionados

Para cada categoría concederanse tres distincións:
Un "mellor da categoría" e dúas "mencións honoríficas".

Os premios só se farán públicos o día da inauguración da Luga Poster Biennale. Os deseñadores distinguidos serán notificados con antelación por correo electrónico.

Premios

Mellor da categoría

Trofeo
Publicación
Certificado
Aloxamento para la inauguración

Mencións de honor

Trofeo
Publicación
Certificado

DEADLINE 15 SETEMBRO

23:59, 15 Setembro (GMT) Lisboa

WWW.LUGAPOSTERBIENNALE.ORG